


a *Movida* go



**O XÉNERO
MOVE
OS MARCOS**



Diviértete

Gana


Vialia Bingo



30 de Junio
Domingo de apertura



y más premios
Recogida de cartones en el punto de Información

Premios: Ipad, móvil, nintendo switch, TV 50" ...




SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




BOTÓN

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premeo na barra superior.



LIGAZÓN

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.



PÁX. 11

**PRATOS DE SEMPRE
PARA PADAIS
DE AGORA**



PÁX. 13

AILÉN KENDELMAN



PÁX. 23

**EXPERIENCIAS PARA
INICIAR O VERÁN**



PÁX. 25

**PÍCNIC PRIVADO
CON VISTAS AO MIÑO**

- 5 CANDO VEÑAN POR NÓS**
- 6 OLLO AO DATO**
- 6 DARÍO CLANDESTINO**
- 7 A MODA CHAMA Á PORTA**
- 7 'METODOLOXÍAS CARROÑERAS...'**
- 9 MÚSICA AO VIVO**
- 10 DEZ ANOS DE TRAVESÍA CREATIVA**
- 12 A COCIÑAR: TORTA DE IOGUR**
- 15 O XÉNERO MOVE OS MARCOS**
- 17 LOCAIS RECOMENDADOS**
- 19 POR UN VERÁN CAMPANTE (II)**
- 20 AXENDA MOVIDIÑA**
- 21 OUTRAS MOVIDAS**
- 22 IMPERDIBLES**
- 27 DELEITE LITERARIO**
- 28 AS TÚAS MOVIDAS**

Subscríbete ao boletín de WhatsApp: [644 37 29 23](https://www.whatsapp.com/channel/00299171111111111111)

Se queres recibir a revista na casa e apoiar a cultura en Vigo, subscríbete na web: amovida.gal/subscripcion-revista

MOVÉMONOS POLA CULTURA EN VIGO



Revista **A Movidá** → Volume 7 (5), xuño de 2024 [57]

Edición: Tamara Novoa → **Redacción:** Paula Cermeño, Malva F.R., Tensi Gesteira, Estela Gómez, Ernesto Is, Xurxo Martínez González, Pablo Vázquez Varela → **Fotografía:** Paula Cermeño e Pablo Vázquez → **Deseño e maquetaxe:** Rubén González → **Deseño web:** Beatriz Barros → **Mercadotecnia:** Xoán C. Miranda e Cecilia Vázquez → **Revisión de textos:** Uxío Couto

Edita: A Movidá Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. → Depósito legal: VG 741-2018 → Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

[@amovidavigo](https://www.instagram.com/amovidavigo) → amovida.gal

A Movidá non se responsabiliza das opinións expresadas nas contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.



CANDO VEÑAN POR NÓS

En xuño de 1973, catro anos despois da rebelión de Stonewall que iniciou o movemento de dereitos do colectivo LGBT nos Estados Unidos, o Orgullo non foi unha protesta, senón un desfile. Cando **Sylvia Rivera**, muller transxénero racializada e unha das principais figuras do movemento de liberación *queer*, subiu ao escenario, foi recibida con apupos, e ela respondeu: «Déronme malleiras, metéronme no cárcere e quedei sen fogar, todo pola causa da liberación gai; e vós tratádesme deste xeito?». O certo é que naquel momento grandes grupos dentro do colectivo estaban máis preocupados por baixar a cabeza, entrar no xogo da política de respectabilidade e formar parte do *statu quo*. Pero os dereitos nunca se acadaron baixando as orellas e metendo o rabo entre as pernas. Se apartamos a mirada e cruzamos os brazos cando veñen poles noses irmáns *trans* ou non binaries, non só estamos traballando activamente para coartar a liberación de todes, senón que estamos asegurando que non quede ninguén para cando nos toque ser es seguintes. Lembremos o famoso poema de **Martin Niemöller**: «Cando os nazis viñeron buscar os comunistas,/ gardei silencio;/ porque eu non era comunista»... Se gardamos silencio cando veñan polo resto do colectivo, cando veñan por nós... Quen falará por nós?



Malva F. R.

Creadora de contido

A PRIMEIRA EDICIÓN DA BIENAL DE ARTE CONTEMPORÁNEA, enche con charlas, concertos, obradoiros e *performances* o xardín botánico da Fundación Sales, do xoves 18 ao sábado 22.

ANTES DE FACER UNHA PARADA POLO VERÁN, o circuito de carreiras Run Run Vigo propón dúas citas para corredores noctámbulos: o sábado 8 ás 22:00 h coa «VIII Nocturna Correndo por Vigo» (10 km) e o domingo 23 ás 21:00 h coa «XXXX Carreira Nocturna de San Xoán» (7,7 km).

O CEO DA NOITE MÁIS CURTA DO ANO ilumínase coa luz das fogueiras de San Xoán. Unha das cacharelas máis espectaculares é a que cada ano se prende na praza do Berbés, onde nunca faltan as sardiñas para mollar o pan.



por Xurxo Martínez González

DARÍO CLANDESTINO

Xa falamos de Edicións Castrelos. Alí traballou **Darío Xohán Cabana** contra o 71-73. Téño por un dos grandes escritores de noso. A morte roubouno camiño de tres anos. A súa obra perdura; perderá inoxidable, porque son liñas de ouro certo. O entón mocíño traballaba a treu en noites e findes. **Álvarez Blázquez**, sen sabelo, sospeitábo. E deixaba facer. Darío militaba na esquerda antifeixista organizada na turbina viguesa da UPG, comandada por **Moncho Reboiras** e **Xosé González** sob protección histórica de **Luis Soto** e de **Ferrín**. Cadernos de formación, panfletos ou traducións de textos do marxismo fixéronse naquela oficina. Todo da man de Darío. Porque a resistencia a prol da democracia fíxose na suma. En todos os que puxeron un canto da vida por derrubar un réxime asasino que quer de novo espreguizarse. Non o permitamos. O soño da razón produce monstros (vid. **Goya**).

Darío amaba os libros galegos sen ser filólogo titulado. Nun tempo ía por feiras vendéndoos co lema «Amigos das Letras Galegas». Duradeira amizade. Quen de entre nós nunca o leu? *O avión de Cangas*, pra a infancia; *Cabalgada na brétema*, na poesía; *Galván en Saor* ou *Morte de rei...* Traduciría a **Lenin** e pasaría a traducir a **Petrarca** e **Dante**, e o concello de Florencia entregarlle a medalla de ouro polas versións galegas do *Cancioneiro* e da *Comedia*. **Anxo Angueira** ingresou na RAG en abril, mes dos poetas, cun discurso-luz. Atraveso del, Darío fíxose carne ante nós. Veu aos meus ollos e ouvidos a primeira vez que o sentín recitar. Foi en Imo, na tumba de Reboiras: «Paso a paso, marchando...». Que ninguén o dubide: marchamos até a vitorial!

A MODA CHAMA Á PORTA

Se atopas unha peza que leva bordada a fío a etiqueta «Made in Vigo», probablemente fose ideada por **Patricia Fadrique**, a persoa responsable de **NOC NOC ESTUDIO**. Esta empresa de produtos téxtiles fabrica en dous pequenos talleres situados en Vigo e Madrid. Desde aquí eláboranse pezas de estilo minimalista e atemporal, confeccionadas en algodón orgánico, pensadas para que duren eternamente e poidan combinarse con todo o que teñamos no armario.

NOC NOC aposta por producir en pequenas cantidades elixindo as tiradas limitadas e traballa en colaboración con artistas, ilustradores e artesáns para loitar contra a velocidade e o pouco respecto polo medio ambiente que provoca a *fast fashion*. A marca quere que empecemos o verán de forma ética e sostible, e que confiemos na súa filosofía de proximidade lucindo os seus vestidos longos, panos xeométricos, pezas de crochet feitas á man e as súas camisetas estampadas. Sentese a chamada?



→ nocnocestudio.com → [@nocnocestudio](https://www.instagram.com/nocnocestudio)

‘METODOLOXÍAS CARROÑERAS PARA CORPOS INVERTIDOS’



Mamed G. Vicente

Formado pola directora e dramaturga **Gena Baamonde** e mais a bailarina **Andrea Quintana**, o colectivo **VACABURRA** regresa á sala Ártika cunha proposta que promete non deixarnos indiferentes: *Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos*. Formulada como unha «conferencia *freak* en formato desbordado», a montaxe aborda a disidencia sexo-xenérica a través do humor e da danza. En palabras do colectivo, «un dos obxectivos desta peza é pasar polo corpo —*queer*, non normativo— os coñecementos teóricos manexados dentro da proposta, partindo de diversos conceptos e referentes que nos axudan a conformar xenealoxías diversas, xenealoxías dislocadas que cuestionan a historia escénica heterocentrada». Continuando a liña de exploración e investigación escénica transitada por creadores como **Sergio Blanco** ou **David Espinosa**, mestúrase nesta «bastardía disciplinar» a teoría coa arte performativa co fin de ofrecer un espectáculo disidente, diverso e diferente. Unha rara avis dentro do panorama teatral de Galicia.

→ Sábado 1 e domingo 2, ás 20:00 h → Ártika
→ 10,00 € (anticipada), 14,00 € (na billeteira)





OBJETIVO A LAXE

UN NUEVO ENFOQUE

MASTERCLASS CON PROFESIONALES

TALLERES INFANTILES

EXPOSICIONES DE FOTOGRAFÍA

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA AMATEUR



31-MAYO - 17 a 21h

Masterclass

'SOBRE EL RETRATO'

Estela de Castro
 Experta en fotografía de retrato.
 Autora de los retratos oficiales
 realizados en 2019 a SS.MM. Los Reyes.

7-JUNIO - 17 a 21h

Masterclass

'PROCESADO'

Joan Roig
 Colorista y experto en retoque
 fotográfico con numerosos premios.

14 y 21-JUNIO - 17:30 a 19:30 h

Talleres infantiles

'FOTOGRAFIA PARA NIÑOS'

Agostiño Iglesias
 Fotógrafo profesional
Sara Iglesias
 Ilustradora profesional

*Consulta toda la programación en:
www.alaxecentrocomercial.es





DOPPLER

Rúa de Martín Codax, 21

Sábado 1 → 21:30 h → 7,00 € → **Ikane + neon**

Sábado 15 → 22:00 h → 12,00 € → **Lucho SSJ**

KOMINSKY

Rúa dos Irmandiños, 3

Venres 7 → 21:30 h → 10,00 € → **Copos de Avena + Maris Trio**

Sábado 8 → 21:00 h → 12,00 € → **Los Mortymer + Los Ignorantes**

Domingo 9 → 19:00 h → 5,00 € → **Bingo gala Dragking**

Xoves 13 → 22:00 h → **Fritanga Sessions**

Venres 14 → **CS A Nubeira: Flying Stool + Karracho + Green Poison**

Venres 21 → **Vimbio**

Sábado 22 → **Raposa**

Sábado 29 → 19:30 h → 12,00 € / 15,00 € → **Festival solidario Vacaloura**

O LAR DAS ARTES

Rúa das Ribelas, 60, baixo esquerda

Domingo 21 → 12:30 h → Gratis → **Mandy Moura**

Xoves 6, 13, 20 e 27 → 21:00 h → Gratis → **A Jam das Artes: Rober Carcos e amigos + micro aberto**

Venres 7, 14, 21 e 28 → 21:00 h → Gratis → **Ousmame**

Domingo 9 → 12:30 h → Gratis → **Meizoi**

Domingo 16 → 12:30 h → Caixa inversa → **Son Candombero**

THE MONK PUB

Rúa de Serafín Avendaño, 12

Xoves 4 e 18 → 22:00 h → Billeiteira inversa → **Grolo + Foliada**

REBULLÓN

Avenida do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

Sábado 1 → 11:00 h a 21:00 h → Gratis → **I Feira Artesá Salvamontes: Catuxa Salom + As Darbukas Dácolá + Raposa + Aldaolado**



Domingo 2 → 20:00 h → 5,00 € / 6,00 € → **The Son of Wood**

Esta banda asentada en Salamanca presentar o disco *Asfalto y cereal*, da man do circuito de músicas populares Girando Por Salas (GPS).

Venres 14 → 20:00 h → Gratis → **Premios Target Film**

Sábado 15 → 16:00 h → 14,00 € / 18,00 € → **Novo Fest: Michu da Rocha + Niño de Harpías + Vloom + Dientes + Hexenon + Dj. Adri Máquina + Cochinita Pibil**

Venres 21 → 19:00 h → 10,00 € → **Pelados Fest: Yeezy La Diferencia + James Gabarres + BCH + entrelíneas + Sarita OG + Cartier Manson + X4ander + Laritaa**

Domingo 23 → 19:00 h → Gratis → **Verbena de San Xoán**

Sábado 15 → 21:00 h → 13,00 €

Sala Radar → Martín Buscaglia

O músico uruguaio, toda unha referencia da música latinoamericana, presenta en España o libro *Dos patos*, un cancionero que inclúe unha vintena de composicións súas, con acordes, aclaracións e mesmo vídeos do autor.

Domingo 30 → 19:00 h → Desde 5,00 €

Auditorio Municipal do Concello Samuel Leví y los Niños Perdidos

Como cada ano por estas datas, o cantautor vigués con complexo de Peter Pan organiza un concerto en compañía de amigos músicos.



Capitán Banner

Dez anos de travesía creativa

«Tokyo. N.Y. Madrid. Paris. Vigo». Seguro que recordas ese lema, que se fixo viral en camisetas durante o Nadal de 2019. As súas creadoras son a publicista **Alexia Alonso** e a xornalista **Virginia Hernández**, responsables da axencia de márketing **CAPITÁN BANNER**, na que levan desenvolvendo campañas tan memorables como esta durante a última década. Aquelas camisetas foron un proxecto ideado por puro lecer, pero dá boa conta da capacidade desta empresa para detectar caladoiros de mercado e virar rápido para facerse coa captura.

As dúas temoneiras están afeitas a chegar as primeiras. Fixérono en 2014 cando se lanzaron a crear unha empresa especializada en implantar e potenciar a presenza dixital das empresas galegas cando isto aínda non era habitual. Os inicios non foron doados, pero o bo facer e os resultados fixeron que axiña chegasen novos clientes por recomendación. O gran crecemento chegaría en 2020. «Na pandemia vivimos un interese xeral das pequenas e medianas empresas por potenciar a fiestra dixital, pois era a única que tiñan aberta ao mundo». Na actualidade, Capitán Banner é un axente recoñecido polo Goberno para a implantación do Kit Dixital en catro modalidades: *ecommerce* básico, *ecommerce premium*, *social media* e web. Alexia e Virginia teñen claro que un dos seus principais atractivos é ofrecer un servizo moi personalizado. Levan medrando unha década mantendo un cadro de persoal reducido, o que lles permite brindar un trato familiar que o cliente valora moito. Proba de que a proximidade funciona é a fidelidade das marcas coas que traballan. «O noventa por cento dos clientes que nos contratan quedan con nós, algúns desde o principio», explica Alexia, que aclara que as empresas que se enrolan no seu barco son principalmente galegas e veñen de diversos sectores. Á hora de

marcar unha estratexia de mercado, o primeiro é a creatividade.

Para corresponder a confianza da clientela, estas dúas creativas idearon unha campaña para celebrar esta década de vida. Para chamar a atención, déronlle vida á figura do Capitán Banner, e ademais creáronlle un inimigo: un pirata «que representa as pedras no camiño que nos atopamos os emprendedores case a diario». Os dous mariñeiros pasearon por Vigo o mes pasado. Para celebrar e agradecer este tempo de travesía conxunta, o capitán repartiu entre os clientes invitacións con forma de pasaporte de cruceiro, con tarxeta de embarque para a festa de aniversario, e agocharon outras catro a través dun xogo polas rúas da cidade.



→ Estrada de Camposancos, 45 → 986 29 91 06
→ capitanbanner.com → [@capitanbanner](https://www.instagram.com/capitanbanner)

As Cunchas

Pratos de sempre para padais de agora

SENTAR FRENTE A UNHA CARTA e recoñecer a totalidade de pratos e ingredientes é cada vez máis inusual; a pesar da reputación que acadou a cociña galega, xa parece que hai máis *gyoza* con *kimchi* que empanada ben feita. **AS CUNCHAS** é un deses restaurantes da resistencia, que valora a tradición e reivindica as croquetas, a ensalada rusa, as luras ou churrasco como as delicias que son. Aquí os pratos teñen o sabor propio da taberna tradicional, pero o cociñeiro **Gonzalo Losada**, coñecido polos habituais como «**Chef Gudini**», advirte que na súa cociña tamén hai innovación. «A xente quere os pratos de sempre, pero mellorados; valora moito que empreguemos técnicas que non son habituais nas casas», explica.



Un síntoma de que estamos nun restaurante que utiliza e valora o produto fresco é que a carta cambia canda as estacións: neste momento hai chocos das rías galegas; no outono chegarán as carnes de caza, e máis tarde virán os crustáceos. Pura lóxica gastronómica da que non sobra. As Cunchas tamén ten influencia da gastronomía de Portugal, lugar de orixe da familia de **María Afonso**, responsable de sala no local. Un dos pratos estelares da casa é o bacallau, primeiro marcado á grella, logo confeitado a lume maino sobre unha cama de cebola e servido

sobre unha tella, como en moitas casas de comidas alén da Raia. Mantendo o acento portugués, podemos pedir o típico cordeiro a Foda de Monção ou tamén picaña, o famoso corte de tenreira brasileiro que se presenta como no país da samba: con pataca, arroz e feixoada. O negocio leva dando de comer preto de dúas décadas. Primeiro baixo a tutela de **Ángel e Rosa** en varias localizacións e desde hai oito anos a mans da súa filla, a amentada María, Gonzalo e mais **Xacobe**, quen dá apoio nos fogóns. A nova xerencia promove a innovación do servizo. Á parte de poñer en marcha o reparto a domicilio convencional, ofrécese un máis específico para menús do día, que pode consultarse e pedirse comodamente a través de WhatsApp.

As Cunchas preséntase nun local cálido, con paredes de pedra e mobiliario actual, froito dun recente lavado de cara que soubo conservar a esencia familiar. Dispón dunha pequena terraza e, aínda que non se atopa nunha rúa moi concorrida, Gonzalo móstrase orgulloso «por encher cada servizo con clientes que se desprazan adrede, non caen de rebote». Probablemente moitos se sintan coma na casa ao probaren os seus célebres espaguetes á boloñesa.



→ Rúa de Tomás A. Alonso, 117 → 678 96 10 30
→ ascunchas.es → [@ascunchas](https://www.instagram.com/ascunchas)



Clesa

Torta de iogur

Este mes traemos unha receita sinxela coa que sorprender nas sobremesas das xuntanzas estivais. Unha torta elaborada con tan só tres ingredientes: fácil e moi rica!

INGREDIENTES

- Ovos (6 unidades)
- Iogur sabor vainilla Clesa (750 gramos)
- Maicena (60 gramos)

ELABORACIÓN

Quentamos o forno a 180 °C mentres preparamos a mestura. Nun bol grande, batemos os ovos e botamos o cremoso iogur sabor vainilla de Clesa, que remexemos cos ovos batidos ata conseguir unha mestura homoxénea. Logo botamos a maicena e removemos ben ata que non haxa gromos. Nun molde para tortas forrado previamente con papel de forno vertemos a mestura e enfornámola entre media hora e tres cuartos, ata que a capa superior se vexa dourada e firme. Retirámola do forno e deixámola arrefriar. Se queremos acentuar o sabor, podemos engadir unha culleradiña de extracto de esencia de vainilla á mestura. Servimos a torta núa ou vestímola cunha capa de marmelada, que lle dará unha aparencia exquisita.



VISITA Á FÁBRICA DE IOGURES CLESA



A fábrica de iogures Clesa abre as portas todos os xoves para recibir escolares e grupos organizados nunha visita que arranca cun percorrido cheo de anécdotas e curiosidades históricas sobre a marca. Continúa cunha parada no espazo habilitado como museo, no que se atopan fotografías, produtos de épocas pasadas e pequenas reliquias de mercadotecnia. Preto do final, dáse un dos momentos máis abraiante: a vista espectacular desde unha aula acristalada que permite ver en directo o funcionamento da fábrica. Como colofón, o equipo de Clesa reta os visitantes a demostrar creatividade elaborando receitas orixinais. Para desfrutar desta experiencia, cómpre reservar praza a través do enderezo electrónico habilitado para tal fin: visitas@clun.es.

Escanea o código QR para acceder ao vídeo da receita en amovida.gal





Ailén Kendelman

Actriz e música

«A TRAVÉS DO HUMOR PODEMOS SAÍR DE SITUACIÓNS DOLOROSAS»

AILÉN KENDELMAN (Buenos Aires, 1989) chegou a Vigo aos dez anos. Vinculada desde pequena á música, forma parte do conxunto **Áureas**. Logo descubriu a maxia da arte dramática e é unha das tres patas da compañía de teatro **A Panadaría**, que enche teatros dentro e fóra de Galicia con obras cargadas de enxeño, humor e perspectiva de xénero.

Co conxunto Áureas chegaches a gañar un Premio Martín Códax en 2017. Tiveches que escoller entre dedicarte á música e ao teatro?

É certo que a compañía de teatro absorbe moito do meu tempo, porque viaxamos fóra e ademais temos que facer traballo de oficina, pois hai unha estrutura empresarial que manter. Pero intento atopar uns momentos para facer algo de música, que para min tamén é algo moi nutritivo. Agora estou ensaiando activamente con Áureas, coa idea de ter un espectáculo que empezariamos a mover o vindeiro outono.

E como de complicado che foi chegar a converterte en actriz profesional?

Foi moi complicado chegar á situación actual que vive A Panadaría. Practicamente todo o que gañabamos nos primeiros anos volvíamolo reinvestir na compañía para termos unha estrutura solvente. En estados como Francia ou Bélxica hai axudas para os artistas, que cada mes dispoñen dun salario, independentemente de se están facendo bolos ou non; iso dá a tranquilidade para poder crear. Penso que as administracións deberían buscar fórmulas para que as persoas que vivimos da arte non soñemos con ser funcionarias.

Como ves a escena teatral en Vigo?

A presenza da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia debería facer de Vigo unha cidade moi teatral, pero faltan espazos. Cidades como Santiago ou A Coruña teñen moitísima máis oferta cultural. Temos que reclamar a cultura como o dereito que é. Vigo precisa destinar máis cartos para a cultura, e non só para o urbanismo.

O matrimonio entre persoas do mesmo sexo en España é legal desde xullo de 2005. Case dúas décadas despois, pensas que o debate sobre o tema xa está superado?

Podemos avanzar en dereitos, pero uns anos despois saltar incluso máis para atrás do punto inicial. Deixamos de representar Elisa e Marcela porque sentiamos que xa cumprira o seu ciclo, pero é máis necesaria agora que cando comezamos a representala; por iso ten que haber máis propostas para seguir facendo visible esta cuestión. Na mesma cidade onde casaron elas asasinaron un rapaz por ser homosexual.

Que reivindicarías este 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTB?

O dereito a ser, a decidir con liberdade quen es e a quen amas, e que iso non supoña unha barreira. Parece algo moi básico, pero hai moita xente que ten medo a saír da casa. O colectivo transxénero está sufrindo moitísimo. Penso que falta moita empatía para saber polo que pasa unha persoa trans.

Para acceder á entrevista completa en amovida.gal, cómpre escanear o código QR.



«As administracións deberían buscar fórmulas para que as persoas que vivimos da arte non soñemos con ser funcionarias»

«Ten que haber máis propostas para seguir facendo visible a cuestión do colectivo gai»





O xénero move os marcos

O propio corpo pode ser unha ferramenta para a linguaxe artística. Se engadimos moita maquillaxe, plumas e purpurina, é probable que esteamos ante un espectáculo de transformismo, unha disciplina baseada na ilusión do xénero que colle pulo na nosa cidade.

Cristian de Samil

O transformismo non é unha novidade en Vigo, xa que varias xeracións compartimos un referente claro. Aínda que o seu apelido artístico está intrinsecamente ligado ao lugar coa praia máis famosa da nosa cidade, **Cristian Gómez Juan** naceu na vila alacantina de Elda. A parada na cidade da oliva estaba pensada para durar uns poucos días, pero a xefa do Hotel Samil viu o espectáculo de Cristian e contratouno ben pagado. Uns anos despois, o artista comprou o baixo do hotel e construíu nel o seu restaurante teatral que ergueu o pano cada semana durante 24 anos, ata o 2014.



A pesar de abrir camiño para as *drag queens* actuais, Cristian prefire ser chamado transformista. As fronteiras entre ambos os dous termos son difusas, pero hai certo consenso en falar de transformismo para referirse ás imitacións de folclóricas e actrices populares de diferentes épocas, namentres que as *drag* adoitan servirse dunha personaxe ficticia de creación propia. «Para min tamén é un xeito de separar

a época en que o faciamos todo nós, a partir da foto dunha revista e sen tutoriais de YouTube», apunta Cristian, que considera que algúns artistas actuais atenden moito á estética e traballan pouco o fondo do espectáculo.

Marinita y sus Maromas



Miguel Vidal

Edu Domínguez, membro da única compañía de teatro *drag* de Galicia, tamén prefire ser chamado transformista. Coincide con Cristian de Samil en que este termo recolle mellor o seu traballo teatral. Edu non fai imitacións. A súa personaxe é sempre a da artista de cabaré **Marinita**, que desde hai seis anos actúa con **Roberto Casal**, **Nicolás Otero**, **Caroline Sanders** e **Leonor Sangabriel**. Todos son actores e actrices con formación en diferentes disciplinas que utilizan o ilusionismo de xénero como unha ferramenta máis. Baixo o paraguas de **Marinita y sus Maromas**, este grupo de artistas enchen cada trimestre o Auditorio Municipal de Teis cun espectáculo de cabaré que cambia cada vez que soben ao escenario, pero sempre cunha base de baile, moito humor →



e voz ao vivo. «Temos o mellor público do mundo: señoras maiores do barrio, que desfrutan da posta en escena e mergúllanse en todo o que lles contamos». Alén da calidade artística, esta compañía sempre procura un ton crítico, como explica Edu, que inclúe nos seus espectáculos reivindicacións á corporal e sexual, e engade sobre isto: «Ás veces é algo sutil, pero sempre está e as señoras enténdeno perfectamente».

Gala Drag King

Existe un rei para as raínas de pestanas longas e as boas de plumas: o *drag king*, a arte performativa que xoga esaxerar a masculinidade. Por terceiro ano consecutivo, Vigo acolle a Gala Drag King, que nesta ocasión se transforma nun festival que se celebra o 26 e o 27 de xullo. Na organización atopámonos coa intérprete **Grey Olivera**, cuxa identidade en escena é **Aymar Note**, nacido durante a pandemia.



Grey apenas tivera contacto previo co mundo *drag*, pero as poucas opcións de entretemento fixeron que asistise a unha clase *online* de maquillaxe na que coñeceu a Nicolás Otero, coñecido no sector como **Nico Elsker**, e empezaron a quedar a través da plataforma Zoom para maquillarse e ir puíndo os seus personaxes. Aymar significa casa en construción. Elixiu este nome artístico «porque resumía o proceso de construír e reconstruírse unha mesma, así como a sociedade». Para Grey, o movemento *drag king*

é máis político que o *drag queen*, e realiza un espectáculo co que quere facer reflexionar sobre temas como a discriminación, o fascismo ou o feminismo.

Meiga-i

«Toda a arte ten mensaxe. Eu comunico a miña liberdade e co meu espectáculo pretendo mover os marcos das ideas preconcebidas dalgúns persoas», alega **Javier Sánchez**. Porén, resístese a falar de reivindicación. «Parece que todo o que facemos as persoas que saímos da hexemonía é reivindicativo, mesmo cando simplemente estamos vivindo a nosa normalidade». Para Javier, o *drag* é unha ferramenta coa que crear posibilidades. «Non é vestirme de muller, é crear unha fantasía, un xogo e un pasatempo divertido», di o responsable baixo a pel de **Meiga-i**, a *drag* pandeireiteira. «Tradicionalmente, as *drags queens* baseábanse en *copleras* andaluzas, e eu quixen facer o propio cunha muller galega». Javier reconece que sempre parte dunha posición de inferioridade á hora de presentar o seu espectáculo e vese na obriga de facer unha explicación previa ás súas exhibicións que resulta nun labor pedagóxico. Con todo, este mozo vigués é optimista co presente e afirma: «Estamos a vivir uns anos de moito movemento con iniciativas das que moi poucas cidades poden presumir», aínda que lamenta a pouca escoita que recibe o colectivo por parte das institucións.




Sergio Albes

LOCAIS RECOMENDADOS



- CAFÉS
- COMERCIO
- CONCERTOS
- COPAS
- ESPECTÁCULOS
- FORMACIÓN
- GASTRO





- 1 **A MORADA** Enrique Maças, 6
- 2 **ALBATROS** Peirao de Transatlánticos, s/n
- 3 **ALTA FIDELIDAD** Praza da Constitución, 12
- 4 **ÁRTIKA** Beiramar, 113
- 5 **CAÑAVERAL** Porta do Sol, 6
- 6 **DOPPLER, SALA** Martín Códax, 21
- 7 **EL TRIGAL, PANADERÍA**
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 8 **FELICETTA GUALTIERI** Alfonso XIII, 9
- 9 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** Doutor Cadaval, 21
- 10 **GALERÍA MARACA** Doutor Cadaval, 12
- 11 **KENGURU** Avenida do Rebullón, 22 - Mos
- 12 **KIDS & US** Xirona, 8 e Urzaiz, 108
- 13 **LA CONTENEDORA** Eduardo Iglesias, 11
- 14 **LA TITARIVERA** Praza de Compostela, 17
- 15 **LE MARCHÉ DE RACHEL** Carral, 15
- 16 **LIBROURO** Eduardo Iglesias, 12
- 17 **MÁIS PALÁ** Manuel Núñez, 18
- 18 **MAPIS** Pizarro, 47
- 19 **MOLOTOV** Santiago de Vigo, 1
- 20 **MORRIÑA SHOP** Praza da Pedra, 5
- 21 **O LAR DAS ARTES** Ribelas, 60
- 22 **PRIMAVERA, BAR** Ronda de Don Bosco, 17
- 23 **PURO DELIRIO** Teófilo Llorente, 43
- 24 **RATALOKA TATTOO** Camelias, 22
- 25 **REBULLÓN, SALA** Avenida do Rebullón, 23 - Mos
- 26 **SALA KOMINSKY** Irmandiños, 3
- 27 **SARAGARCÍA PELUQART** Couto Piñeiro, 2
- 28 **SUKHA FUNK** Tomás A. Alonso, 19
- 29 **SR. NILSSON** Triunfo, 2
- 30 **SWING ON** Alfonso XIII, 9
- 31 **TALLER ALASELVA** Rúa San Paio, 118
- 32 **TEATRO ENSALLE** Chile, 15
- 33 **TERRAE ORGÁNICA** Vázquez Varela, 44
- 34 **THE MONK PUB** Serafín Avendaño, 12
- 35 **TU CENTRO RAÍCES** Tomás A. Alonso, 162, 2.º of. 7
- 36 **VAIDHĚ** Carral, 7
- 37 **VITRUVIA** Praza de Compostela, 5
- 38 **WOODTOWN** Camelias, 20



→ Para máis info sobre os locais recomendados visita amovida.gal/locais-recomendados

a Movidiaña

POR UN VERÁN CAMPANTE (II)



Seguimos buscando propostas que nos axuden a conciliar durante as vacacións de verán ao tempo que os pequerrechos viven boas experiencias!



COLORES CREATIVA

Os participantes deste campamento poden desenvolver a creatividade ao tempo que toman conciencia da necesidade de reutilizar e prolongar o ciclo de vida dos obxectos a través de diferentes obradoiros: lectura creativa, pintura, reciclaxe, *tie-dye* e *upcycling*.

- Datat: xullo e agosto
- Idade: de 8 a 14 anos.
- Prezo: 100,00 € semanais (10 % de desconto por mes completo ou por irmán).

FUNDACIÓN SALES

A cativada que participe neste campamento trata un tema diferente cada día: fauna, flora, medio ambiente, xincanas, xogos cooperativos... Os grupos organízanse en función da idade, pero todos se adentran na natureza deste espectacular xardín botánico.

- Datat: 24 de xuño a 6 de setembro (excepto a semana do 12 de agosto).
- Idade: a partir dos 4 anos.
- Prezo: 89,00 € semanais (80,00 € para os amigos da fundación).

LICEO MARÍTIMO DE BOUZAS

A rapazada adquire coñecementos básicos da navegación a vela ao tempo que se divirte en equipo a bordo das diferentes embarcacións das que dispón este lugar privilexiado da vila de Bouzas, ideal para se iniciar no mundo náutico.

- Datat: 24 de xuño a 6 de setembro.
- Idade: de 7 a 14 anos.
- Prezo: 100,00 € semanais (75,00 € para os socios).



Para máis información, escanea o código QR e accede ao especial sobre campamentos publicado en amovida.gal





axenda

KENGURU

Actividades para meniños, proxenitores ou mesmo mulleres embarazadas desde Mos.

- * Sábado 1: Obradoiro sensorial: «Viaxe a Asia» (17:00 h).
- * Venres 7: Primeiros auxilios na infancia (16:30 h).
- * Sábado 8: Obradoiro de música con luz negra: «Baixo o mar» (17:00 h).
- * Sábado 15: Ioga: «Paint Poses» (17:00 h).
- * Domingo 16: «Frutilandia» (17:00 h).
- * Sábado 22: Horto para a casa (17:00 h).
- * Domingo 23: Arte fluorescente baixo luz negra (11:00 h).

VIALIA

O centro comercial dispón de actividades para pequerrechos cada martes deste mes.

- * Martes 4: «Safari na xungla» (18:00 h, en Vigo Exporta)
- * Martes 11: «Obradoiro de lettering» (18:00 h, en Vigo Exporta).
- * Martes 18: «Xogos en familia» (18:00 h, en Vigo Exporta).
- * Martes 4: «Festa de inicio do verán» (18:00 h, en Vigo Exporta).

XE

As asociacións Avante LGBT+ e Codimo organizan unha sesión de contacontos musicada con motivo do Día do Orgullo.

→ Xoves 13, ás 18:00 h → Biblioteca Xosé Neira Vilas → Gratis → A partir dos 3 anos.

A HORA DOS CONTOS

O proxecto de animación á lectura da biblioteca pública municipal do Calvario trae este mes a **Olalla González e Marc Taeger**.

→ Venres 14, ás 18:00 h → Biblioteca Xosé Neira Vilas → Gratis → A partir dos 3 anos.

PRENDE NO COLO

Sesión musical con **Luís Prego e Samuel Soto** para aprender cantares, cantigas de berce, xogos de dedos e outras pezas pensadas para iniciar á rapazada na linguaxe.

→ Sábado 15, ás 12:00 h → Biblioteca Juan Compañel → Gratis → De 0 a 3 anos.

MAXIA, MISTERIOS E OUTRAS HISTORIAS

O ilusionista **Óscar Fernández** guía para nos mergullar nun mundo en que conviven a maxia e o humor.

→ Sábado 15, ás 18:00 h → Magia en la Manga → 7,00 € → Todos os públicos.

A ALFOMBRA MÁXICA

Unha alfombra táctil, sonora e olfactiva coa que a compañía **Babalúa** convida a unha viaxe sensorial para os pequerrechos.

→ Xoves 20, ás 18:00 h → Biblioteca Juan Compañel → Gratis → De 0 a 3 anos.

SON NO BERCE

Concerto sensorial para bebés, da man de **Cris Collazo**.

→ Sábado 22, ás 12:00 h → Biblioteca Juan Compañel → Gratis → De 0 a 3 anos.



DANI FEZ

VENRES 7

TEATRO AFUNDACIÓN

La vida regulinchi é o espectáculo dun *influencer* cuxa aventura arrancou no desaparecido servizo de vídeos Vine e hoxe supera os dous millóns de seguidores en TikTok.

→ 22:30 h → 18:00 €



SÍBARIS

SÁBADO 8

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

A compañía **Condetrespés**, cunha peza baseada na obra teatral do desaparecido autor vigués **Domingo Villar**, pecha a xira galega na nosa cidade.

→ 21:00 h → 8,00 €



TAC!

DESDE O XOVES 13 PORTA DO SOL

O festival de arquitectura urbana decorre nun pavillón efémero inspirado nas bateas e instalado no punto cero da cidade para acoller multitude de actividades.

→ Todo o día → Gratis

ORQUESTRA CLÁSICA DE VIGO

VENRES 21 CONCATEDRAL

O Día Internacional da Música é unha ocasión perfecta para celebrar os corenta anos da orquestra decana de Galicia ao ritmo de **Bach**, **Giuliani** ou **Mozart**.

→ 21:00 h → Gratis

SWING ON THE SEA

XOVES 27 A DOMINGO 30 VARIOS ESPAZOS

A cidade volve encherse de ritmo cunha nova edición deste festival de *swing* que, ademais de clases exclusivas, ofrece diversas actividades abertas a todo o mundo

→ Varias horas → Varios prezos



All Eyes Media

THE JAYHAWKS

SÁBADO 15

AUDITORIO MAR DE VIGO

Corenta anos avalan a traxectoria da banda de falcóns estadounidenses que toma a terraza do moderno pazo da Beiramar para vestir a ocasión coa tan americana sonorida do *country*.

→ 21:00 h → 43,50 €

**NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL
PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS
MOITOS EVENTOS EN VIGO.**



LA MANSIÓN DE LAS BRUJAS



O restaurante máis delirante de Teófilo Llorente convidáanos a un aquelarre.

- Os xoves 6, 13, 20 e 27
- Puro Delirio → 10,00 € (inclúe unha consumición)

PAINT & WINE



Unha paisaxe acrílica guiada por Antía Sánchez regada con viños da bodega Mar de Frades.

- Sábado 15, ás 11:30 h
- Taller Alaselva → 58,00 €

FESTA SWING ON



O fin de curso da escola de baile Swing On festéxase coa actuación dun coro de *swing*, sesións de DJ e moito baile.

- Sábado 15, ás 12:30
- A Morada → Gratis

LETRA EX MACHINA



Recital da poeta viguesa Branca Trigo.

- Xoves 20, ás 20:00 h
- A Morada

MERCADO RECICLADO



A feira organizada por Felicetta Gualtieri trasládase á Illa de Arousa.

- Sábado 22, das 12:00 ás 21:00 h
- Chiringuito Patapalo (A Illa de Arousa) → Gratis

UN CORTO-CIRCUITO FORMIDABLE



Oriol Rosell segue a música popular no seu primeiro ensaio.

- Xoves 27 → Galería Maraca
- Gratis

PONTE VEDRA
**20
24**

EXPANAI +
RECINTO
FERIAC

RIOVERBENA FEST

23-24 | AGO | 2024

AMARAL • LORI MEYERS
VIVA SUECIA • MIKEL ERENTXUN
BAIUGA • LOS ZIGARROS
NEBULOSA • SILOÉ
VICCO • SARRIA

ABONOS EN RIOVERBENA.COM

MÁS POR CONFIRMAR



Experiencias para iniciar o verán

Estamos ás portas do verán, e se algo presta coa chegada do bo tempo é facer cousas novas, diferentes e en boa compañía. Experiencias gastronómicas, fotográficas, deportivas e culturais para todos os gustos por terra e mar.

Bluscus

Sucando a historia da ría

EVANGELINA, unha goleta de primeiros do século pasado, do armador Xoán Silva, arribou recentemente a Vigo desde Rianxo. A bordo dela ou dun balandro poderemos sucar a nosa ría a través de diferentes percorridos grazas a **BLUSCUS**, a empresa de turismo mariñeiro fundada en 2014 por **Pablo Mariño** que ten como misión principal favorecer o encontro coa cultura do mar. Os dous devanditos buques pódense alugar para celebracións privadas e rutas personalizadas, pero tamén se pode asistir aos percorridos programados pola empresa coa compra dunha entrada. Os sábados e os domingos pola mañá ofrecen unha ruta que inclúe brunch a bordo e pola tarde un percorrido pola ría para observar o solpor. Estas saídas de dúas horas están deseñadas para coñecer a industria conserveira da man dun guía e descubrir o funcionamento das bateas e as artes pesqueiras da Ría de Vigo. Mención á parte merecen as experiencias Starlight, de catro horas, que permiten gozar da noite estrelecida evitando a contaminación luminosa. Estes paseos son idóneos tanto para turistas como para locais, «que moitas veces descoñecen a propia contorna e adoitan ser os que saen máis contentos», explica Pablo.



Lara Alonso


→ Policarpo Sanz, 14, 3.º B → 657 63 59 99
→ bluscus.es → [@bluscus](https://www.instagram.com/bluscus)



Entre fentos

Fotografía con naturalidade

XA SON UNS CANTOS ANOS os que leva vivindo **Nair Romero** cunha cámara nas mans, pero foi hai tres cando creou unha empresa para levar ao mundo das vodas o seu estilo natural que, nas súas palabras, foxe dos «posados artificiais». Alén das fotografías propias do casamento, Nair achega orixinalidade e frescura para as típicas sesións previas ás vodas. Para captar naturalidade, propón que as parellas realicen unha actividade divertida namentres que o persoal de **ENTRE FENTOS** os rexistran en foto e vídeo. Cómpre sinalar que dispoñen dun dron para os planos aéreos e dunha cámara somerxible para as actividades acuáticas. Malia estar abertas a novas propostas, os paquetes preestablecidos consisten en visitar as Illas Cíes ou a Illa de Ons, navegar en caiaç ou facer *snorkel* na Ría de Aldán, sucuar a Ría de Vigo a bordo dun barco con almorzo ou merenda incluída, ou celebrar un pícnic nun lugar natural con vistas. O mellor destas sesións é que tamén están dispoñibles para parellas sen intención de casar, así como para familiares e amizades que queiran algo para recordar.



→ 611 15 53 79 → entrefentos@gmail.com
→ [@entrefentos](https://www.instagram.com/entrefentos)

ONyVÁ!

Exclusivas ceas secretas

HAI MÁIS DUNHA DÉCADA que **Graciela Castro** tiña en mente crear unha marca persoal onde facer voar a súa creatividade, o que deu pé ao nacemento de **ONyVÁ!** Ademais de realizar accións de marketing e levar a comunicación de diversas empresas, esta axencia é coñecida pola orixinalidade das propostas como por exemplo os mercados que organiza. Este verán xa hai, polo menos, catro confirmados: na Estrada, no Grove, en Portosín e en Rianxo. Pero se algo que destaca sobre o resto da oferta, son as ceas secretas; eventos gastronómicos exclusivos, de capacidade reducida, cun *chef* vangardista aos fogóns, que se celebran en localizacións moi singulares: o buque Hidria atracado no porto de Vigo, unha lancha polo Miño, a igrexa da Madalena en Ribadavia un invernadoiro de Viveiro ou un peirao da Ribeira Sacra foron algúns dos espazos escollidos en pasadas ocasións. Para este verán programáronse catro veladas, unha por provincia, coa idea de reducir o número de comensais á metade para reforzar un ambiente especial e íntimo onde poder gozar da comida, da compañía e dunha ampla selección de cervexas Alhambra, o patrocinador principal do evento.



→ 680 22 34 57
→ olaonyva.com → [@ola_onyva](https://www.instagram.com/ola_onyva) → [@cenassecretas](https://www.instagram.com/cenassecretas)



Villa Idalina

Pícnic privado con vistas ao Miño

O palacete indiano de **VILLA IDALINA**, na localidade portuguesa de Caminha, ofrece desde este mes a posibilidade de gozar dunha merenda privada no alto da súa torre. Durante o tempo que dura a experiencia, ninguén máis accede a esta instancia da casa, construída en 1911, dividida en dous andares: o primeiro ao cuberto, cunhas amplas cristaleiras con vistas ao río Miño; o segundo ao descuberto, cunha terraza desde a que gozar do solpor. O pícnic está composto por produtos selectos de ambos os dous lados da fronteira, unha botella de viño e flores. Unha boa opción para celebrar unha data especial, pero cómpre andar con ollo, porque a oferta é moi limitada e só se ofrece un pícnic ao día, polo que se queremos reservar unha data en concreto, debemos bulir a facer a reserva a través da web do establecemento.



en conservar sendo fieis a como era a comezos do século pasado. Moitos dos mobles son os orixinais, así como os lavabos e as billas, a pía e as vitrinas da cociña, os cadros, as lámpadas ou a mesa de billar francés.

Agora, os xerentes de Villa Idalina dan un paso máis, e o sábado 15 inauguran a exposición

«Herencia», composta polo traballo de dez artistas de Galicia e Portugal. Esta é a primeira, pero a partir de setembro irán mudando de oferta expositiva mensualmente, e ofrecerán a posibilidade de facer unha visita conxunta á mostra canda a ruta polo palacete. Para completar a oferta, este verán tamén existe a opción de acceder á piscina sen necesidade de aloxamento, un servizo limitado a catro persoas que inclúe unha

cama na que tomar o sol para cada cliente. Unha oferta selecta á altura da casa.

Esta proposta súmase ao *brunch* con visita guiada que tan ben funcionou a temporada anterior. Co entusiasmo de dar a coñecer esta preciosa casa, **Andrés Carballo** e **Susana Fernández** ofrecen a posibilidade de facer unha visita guiada, que inclúe un aperitivo caseiro para degustar no comedor. Susana exerce de guía a través deste palacete portugués de 900 metros cadrados, que tanto ela coma o seu home se esmeran

- **Lugar:** Largo de São Bento, 4910-348 (Portugal).
- **Distancia desde Vigo:** 55 km.
- **Prezo:** 310,00 € (aloxamento e pícnic), 80,00 € (brunch para dúas persoas).
- **Arredores a visitar:** Caminha, miradoiro do Sino dos Mouros, monte de Santa Trega, praia de Moledo, Vila Nova de Cerveira...
- **Información e reservas:** 639 15 49 01
villaidalina.com • [@villaidalina](https://www.instagram.com/villaidalina)



GOZO FESTIVAL 2024



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo



6 JULIO 2024

SANTIAGO DE COMPOSTELA
MONTE DO GOZO

ED ✦ SHEERAN

BOMBA ✦ ESTÉREO

MILKY ✦ CHANCE

MON ✦ LAFERTE

ANGELINA ✦ MANGO

FILLAS DE CASSANDRA

LIVE NATION



PUNTOS DE VENTA:

LIVENATION.ES

ticketmaster




BICOM



TRAXICOMEDIA DE DON MANUEL

O humor é unha das técnicas máis eficaces para a aprendizaxe, pois a través da risa somos capaces de absorber ideas e reflexións, mesmo as aparentemente máis grosas. **Esther F. Carrodegua**, coa plataforma creativa ButacaZero, asina un espectáculo sobre **Manuel Fraga**. *Iribarne* é unha obra de teatro para ver, pero tamén para ler na edición de Positivas. Fraga era un home particular, un león que soubo integrarse na democracia despois da ditadura. Con esta obra achegámonos á súa biografía, pero sen parar de rir.

→ *Iribarne* → Esther F. Carrodegua → Positivas → 250 páxinas



O LEGADO DO COUREL

Deixou un oco na historia da literatura galega, ademais de deixar un oco en Folgoso do Courel. Os ocos físicos e emocionais que deixou o poeta **Uxío Novoneyra** son o obxecto do ensaio *O escano baleiro*, de **Xulio Valcárcel**, unha obra escrita desde a sensibilidade e o coñecemento en que atopamos a biografía do bardo do Courel, pero tamén unha análise sobre a obra que nos legou e unha mirada ás persoas que o acompañaron. A iso hai que sumar unha visión persoal, pois Valcárcel tamén comparte a relación particular con Novoneyra e os consellos que lle deu para a hora de escribir.

→ *O escano baleiro. No Courel con Xulio Novoneyra* → Xulio Valcárcel → Medulia → 193 páxinas



QUEIMARSE POR DENTRO

O máis recente Premio Blanco Amor de Novela fala das nenas que medran e as avoas que van para abaixo. *O incendio* de **Sara Vila** é unha obra sobre o que supón facerse muller, sobre o tabú do sexo, sobre ese «algo» que temos entre as pernas do que se nos di que simboliza o perigo e o medo. Ateigada de referencias á cultura popular, como series míticas dos noventa, a novela ten concomitancias con outras obras recentes, como as de **Marta Jiménez Serrano** ou **Elisa Victoria**.


→ *O incendio* → Sara Vila Alonso → Xerais → 200 páxinas



#PuroDeleite



REALIDADES QUE NON SE PODEN APAGAR



LUCÍA SALGUEIRO

@lou.stripes

Universidade de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a revista@amovida.gal
Consulta as bases en amovida.gal/as-tuas-movidas



Bicis eléctricas



Welgood

Ca nosa app podrás alugar **bicis eléctrica** en calquera das **7 estacións** que atoparás nos nosos “parkings”.

Aluguer

Máximo diario **20€**

2€
/hora

“Parkings” con estacións

- 📍 Areal
- 📍 Do Calvario
- 📍 Independencia
- 📍 Pintor Colmeiro
- 📍 Policarpo Sanz
- 📍 Pza. América
- 📍 Urzáiz

Séguenos en:



Descarga a nosa app

